

Esta vosa voz

Acto pola memoria, 2005

Esta voz non é miña. Ten as pegadas dixitais da memoria. Os sucros concéntricos da súa identidade cicatrizan outras carnes, outros ollos.

Esta voz nace dun eco de multitudes. Dos ósos que constrúen castelos de marfil baixo a nosa sombra. Dos remuíños das mareas nos sotos da clandestinidade. Do peito dos paporrubios no sol desgarrador de maio nos cárceres. Das pestanas entrelazadas de cereixas de todos os campos de concentración. Do ceo de silencio ametrallado sobre un campamento de refuxiados.

Esta voz sangra no violino das cordas vogais. Trae os ácidos da vesícula, os xugos do estómago, os movementos espásticos do intestino. Esta voz é carne e lamento. Unha bandeira tricolor amarrada á aorta. Esta voz é só o eco do vento, un vento que acariña un inmenso campo de mapoulas. Tantas pingas de sangue que xermolan nas cunetas onde a infamia truncou o futuro.

Esta voz non é miña. Vén de algures, dun lugar que descoñezo. Un lugar onde habitan ecos doutras voces alleas e que nacen de tan dentro. Esta voz é un acubillo dun vento que nos leva. Dun vento que nos abrasa, carne das entrañas que nunca foi propia. Só o alento nunha velame que vén de vello, unha velame empurrada por centos milleiros de voces. Voces de vivos e voces de mortos. Aturuxos tinxidos de dignidade que borran os gritos da envilecida ignorancia. Esta voz só é un elo. Un tránsito. O eco que han herdar os que veñan, para que o fagan seu coma nós o fixemos respiración. Como o convertemos en vísceras da memoria propia. Para que eles empurren esta axada de aire e a leven ao peirao do futuro.

Esta voz non é miña. Nunca o foi. Ela traslada o eco das vosas voces. Das voces que berraron, lairon, choraron, afirmaron, denunciaron, perseveraron nos océanos hostís da ignorancia. Da máis absurda masacre de liberdades. Por iso nós somos eco de centos, milleiros de voces que veñen de tan lonxe. Esta voz nace da vosa memoria viva para continuar a ganduxar no aire as ideas libres dos que virán.

A nosa voz é eco da vosa memoria. A nosa voz é a vosa voz.